



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Podoloxía Física | Código | 750G02121 | |
| Titulación | Grao en Podoloxía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Romero Soto, Manuel | Correo electrónico | manuel.romero.soto@udc.es | |
| Profesorado | Romero Soto, Manuel | Correo electrónico | manuel.romero.soto@udc.es | |
| Web | moodle.udc.es | | | |
| Descrición xeral | Podoloxía Física é unha materia pertencente ao 2º Cuatrimestre do 3º curso do Grao de Podoloxía. O obxectivo da materia é formar ao alumnado que a curse na aplicación de terapias físicas e de rehabilitación dentro do marco legal da Podoloxía. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A112 | CE48 - Coñecer e aplicar os métodos físicos, eléctricos e manuais na terapéutica das distintas patoloxías morfolóxicas e funcionais do pé e no tratamento da dor e a inflamación |
| B24 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B27 | CB5 -Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B29 | CG02 - Coñecer a estrutura e función do corpo humano en especial da extremidade inferior, semioloxía, mecanismos, causas e manifestacións xerais da enfermidade e métodos de diagnóstico dos procesos patolóxicos médicos e cirúrxicos, interrelacionando a patoloxía xeral coa patoloxía do pé. |
| B30 | CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ ou educativo, baseado na Historia clínica |
| B36 | CG09 -Valorar de forma crítica a terminoloxía, ensaios clínicos e metodoloxía utilizados na investigación relacionada coa podoloxía |
| B39 | CG12 -Capacidade para a cooperación, o traballo en equipo e a aprendizaxe colaborativo en contornas interdisciplinares |
| C9 | CT01 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma |
| C14 | CT06 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|-------------------------------------|-------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Coñecer e aplicar as técnicas de exame físico do membro inferior para o diagnóstico de afeccións podolóxicas | | | B29 B30 |
| Coñecer as bases de funcionamento e as indicacións dos métodos físicos, eléctricos e manuais empregados no tratamento das afeccións | | A112 | B24 |
| Prescribir, administrar e aplicar os métodos físicos, eléctricos e manuais no tratamento das diferentes patoloxías dos pés podolóxicos | | A112 | B24 B30 |
| Coñecer os fundamentos terapéuticos do manexo do paciente con dor | | | B24 B29 B30 |



| | | | |
|---|------|-------------------|-----|
| Coñecer e aplicar técnicas de vendaxe funcionais para o tratamento de afeccións podolóxicas | A112 | B27 | C9 |
| Deseñar un plan de intervención e tratamento para fisioterapia de diferentes patoloxías podolóxicas | | B27 B36 B39 | C14 |
| Coñecer conceptos básicos de anatomía e fisioloxía útiles para abordar a patoloxía do pé mediante tratamentos físicos | | B29 B36 | C14 |

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| Método de intervención | <p>Definición</p> <p>Etapas do método de intervención:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valoración - Análisis dos datos - Formulación do programa de tratamento - Aplicación do programa - Avaliación |
| Valoración do membro inferior | <p>Descrición anatómica das articulacións do membro inferior.</p> <p>Función articular.</p> <p>Exploración e valoración articular.</p> <p>Descrición anatómica muscular do membro inferior.</p> <p>Función muscular.</p> <p>Exploración e valoración muscular.</p> <p>Descrición anatómica miofascial do membro inferior.</p> <p>Función miofascial.</p> <p>Exploración e valoración miofascial.</p> <p>Descrición anatómica neural do membro inferior.</p> <p>Función neural.</p> <p>Exploración e valoración neural.</p> |
| Funcionalidade do pe | <p>Teoría de estrés de tecidos.</p> <p>Abordaxe dende a terapéutica física do estrés de tecidos.</p> <p>Foot Core</p> <p>Valoración e abordaxe terapéutico.</p> |
| Fisioloxía da dor e inflamación e a súa teraèutica con axentes físicos | <p>Fisioloxía da dor e inflamación</p> <p>Terapeutica da dor e da inflamación</p> |
| Vendaxes en podoloxía | <p>Conceptos xerais de vendaxes</p> <p>Vendaxes funcionais</p> <p>Vendaxes neuromusculares</p> <p>Dinamic tape</p> |
| Cinesiterapia | <p>Conceptos xerais cinesiterapia</p> <p>Clasificación cinesiterapia</p> <p>Cinesiterapia pasiva</p> <p>Cinesiterapia activa</p> <p>Técnicas de cinesiterapia pasiva forzada mantida: estiramientos musculares</p> <p>Técnicas de cinesiterapia activa libre: propiocepción</p> <p>Técnicas de exercicio isométrico, concéntrico e excéntrico</p> |



| | |
|--|---|
| Masoterapia | Conceptos xerais de masoterapia Clasificación Masoterapia Técnicas de masoterapia |
| Electroterapia | Conceptos xerais de electroterapia e ultrasóns Fundamentos biofísicos da electroterapia Clasificación da electroterapia Electroterapia e ultrasóns |
| Laserterapia | Definición Efectos fisiolóxicos da laserterapia Pautas de tratamento |
| Magnetoterapia | Definición Efectos fisiolóxicos da magnetoterapia Pautas de tratamento |
| Punción seca | Definición Efectos fisiolóxicos da punción seca Pautas de tratamento |
| Crioterapia | Definición Efectos fisiolóxicos da crioterapia Pautas de tratamento |
| Termoterapia | Definición Efectos fisiolóxicos da termoterapia Pautas de tratamento |
| Electrólisis percutánea intratisular (EPI) | Definición Efectos fisiolóxicos da EPI Pautas de tratamento |
| Ondas de Choque | Definición Efectos fisiolóxicos das ondas de choque Pautas de tratamento |
| Exercicio Físico | Principios xerais. Exercicio nas diferentes idades. Entrenamento de resistencia. Entrenamento de forza. |
| Outras terapias físicas | Outras terapias físicas |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|--------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A112 B27 B29 B36 C9 | 14 | 20 | 34 |
| Seminario | B24 B30 B39 C14 | 14 | 25 | 39 |
| Prácticas de laboratorio | A112 B27 C9 C14 | 18 | 25 | 43 |
| Proba mixta | A112 B24 B27 B29 B30 B36 C9 | 2 | 31 | 33 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |



| | |
|--------------------------|--|
| Sesión maxistral | Realizaranse exposicións de contenidos teórico-prácticos por parte do profesorado da materia, fomentándose a interacción entre o docente e o alumnado. O alumnado trabaxará nos contidos da materia na dedicación non presencial. |
| Seminario | Realizaranse actividades teórico-prácticas en grupos con interacción e a participación do alumnado nos mesmos. O alumnado realizará traballos dos contidos impartidos nestes seminarios na parte non presencial. E obrigatorio a asistencia a seminarios para poder realizar os traballos. |
| Prácticas de laboratorio | Realizaranse prácticas en grupos en relación cos temas abordados na sesión maxistral e os seminarios que serán reflexados no portafolio de prácticas. Para aprobar a materia é necesario que o/a alumno/a consiga polo menos o 50% en cada traballo de prácticas do portafolio. |
| Proba mixta | Exame con dúas seccións: Exame con preguntas obxectivas (50-100) e cuestión de desenvolvemento de casos clínicos. Cada pregunta de opción múltiple terá 5 opcións, das cales só 1 será válida. Por cada 2 preguntas incorrectas, restarase unha correcta. A pregunta de desenvolvemento basearase en casos clínicos. Para aprobar a materia é necesario que o alumno obteña, como mínimo, o 60% da nota en cada apartado (proba e desenvolvemento) desta proba, e que a suma de todos os ítems da avaliación sume como mínimo. 5. puntos de 10 e mais a suma de todos os ítems da avaliación some polo menos 5 puntos de 10. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|--|
| Proba mixta | O alumnado poderá contactar co profesorado a través da plataforma virtual, a través do correo electrónico ou a través de calquera outro medio para resolver calquera dúbida que teñan. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|--------------------------------|---|---------------|
| Proba mixta | A112 B24 B27 B29 B30 B36 C9 | Exame con dúas seccións: Exame con preguntas obxectivas (50-100) e cuestión de desenvolvemento de casos clínicos. Cada pregunta de opción múltiple terá 5 opcións, das cales só 1 será válida. Por cada 2 preguntas incorrectas, restarase unha correcta. A pregunta de desenvolvemento basearase en casos clínicos. Para aprobar a materia é necesario que o alumno obteña, como mínimo, o 60% da nota en cada apartado (proba e desenvolvemento) desta proba, e que a suma de todos os ítems da avaliación sume como mínimo. 5. puntos de 10 | 60 |
| Prácticas de laboratorio | A112 B27 C9 C14 | A asistencia a prácticas é obrigatoria e sometida a avaliación por un total do 25% desde apartado. En caso de necesitar realizar algún cambio, será imprescindible que se realice un cambio con algún compañeiro/a. Evaluarase o portafolio de prácticas que o alumno deberá ir realizando tras cada práctica presentandoo cando haxa realizado todas elas. E necesario acadar o 50% da nota de cada un dos traballos para superar a materia. De non ser superado o 50% de cada traballo terase que recuperar a parte correspondiente na seguinte convocatoria. 25% prácticas + 75% portafolio | 20 |
| Seminario | B24 B30 B39 C14 | A asistencia aos seminarios non é obrigatoria pero sí imprescindible para poder presentar os traballos que se realizarán na dedicación de horas non presenciais. Os alumnos que non asistan os seminarios non terán opción de presentar o traballo correspondente. | 10 |
| Sesión maxistral | A112 B27 B29 B36 C9 | O alumnado realizará traballo en grupo de cada tema impartido nas sesións maxistrais. Neles se diseñarán un número de preguntas a determinar no comezo do curso e que serán as que conformen a proba mixta da materia no caso en que estas cumpran os estándares mínimos que se exporán na aula. | 10 |

Observacións avaliación



Para aprobar a materia é imprescindible a asistencia as prácticas, ter acadado o 50% da nota de cada traballo de prácticas e o 60% de cada sección da proba mixta. En caso de non superar unha destas partes e polo tanto a materia non estea superada otorgarase a nota da proba non superada e deberá recuperar a parte suspensa na seguinte convocatoria de avaliación.

Non se recuperarán as prácticas que non fosen debidamente xustificadas segundo a normativa académica.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario

Calquera indicio de copia, falsificación ou plaxio en calquera das partes da materia será causa de falla na materia cunha nota numérica de 0.

Calquera falta de disciplina ou comportamento será motivo de expulsión da aula e suporá o suspenso da materia cunha nota numérica de 0.

Estableceranse 5 preguntas de reserva na proba mixta que poderán ser usadas para o redondeo da nota do exáme e da materia.

O/a alumno/a que non teña pendente mais de 12 créditos, de materias das que xa estuvese matriculado nalgún curso académico, ou de 18 créditos correspondentes as prácticas, ademais do TFG, para rematar os seus estudos poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación, que se realizará antes da finalización das actividades académicas do 1º cuatrimestre, en aquelas datas que se establezcan no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno. Desta forma será evaluado mediante unha proba tipo test de contidos teórico-prácticos según o programa da asignatura.

Aqueles/as alumnos/as con matrícula parcial ou dispensa, poden realizar as actividades avaliadas da sesión maxistral e seminarios de modo individual e a distancia. A asistencia ás prácticas de laboratorio continuarán sendo requisito imprescindible para superar a materia.

2º convocatoria. O alumnado presentado a 2º oportunidade gardaráselles as notas das diferentes metodoloxías avaliadas sempre que participase e superase as diferentes actividades.

O alumnado que concurra a segundas e posteriores matrículas serán avaliados conforme a guía docente e os requirimentos docentes e académicos do curso correspondente, sendo responsabilidade do/a alumno/a antes de iniciar o curso reunirse cos profesores responsables da materia para establecer e clarificar aquelas dúbidas que pudesan surxir. Recórdase que cada ano poden facerse modificacións nas asignaturas e o alumnado ha de ser consciente deste feito.

O número de Matrículas de Honra establecerase en base o número de alumnado matriculado. As Matrículas de Honra concederanse as mellores cualificacións finais. En caso de empate farase unha proba obxectiva entre os candidatos.

A cualificación NON PRESENTADO/A será obtida por aqueles/as alumnos/as que non acudan ó examen final nas datas establecidas pola Xunta do Centro.

Oportunidade adiantada de avaliación: O alumnado que se encontre nos supostos recollidos na normativa de xestión académica da UDC dispoñerá desta opción para superar a materia mediante unha proba escrita de características similares á a recollida no proceso de avaliación que terá un peso do 100% da cualificación final



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - José Luis Moreno de la Fuente (2006). Podología Física. Barcelona: Masson - Kapandji, I. A. (2006-2010). Fisiología articular : esquemas comentados de mecánica humana. Madrid : Médica Panamericana - Kendall's (2007). Músculos, pruebas funcionales, postura y dolor. Madrid : Marbán - Tixa, Serge (2006). Atlas de anatomía palpatoria. Barcelona: Masson - Clarkson, Hazel M. (2003). Proceso evaluativo musculoesquelético amplitud del movimiento articular y test manual de fuerza muscular. Barcelona : Paidotribo - Rueda Sánchez, Martín (2004). Podología: los desequilibrios del pie. Barcelona : Editorial Paidotribo - J.R. Roces , Carmen Fernández y Col (). Vendajes funcionales. Barcelona: BDF - Aramburu de Vega, Cristina (1998). Electroterapia, termoterapia e hidroterapia. Madrid : Síntesis - Maya Martín, Julián (2010). Estimulación eléctrica transcutánea y neuromuscular . Barcelona : Elsevier - Valera Garrido, F; Minaya Muñoz, F. (2017). Fisioterapia invasiva. Barcelona: Elsevier - Sánchez Blanco, I. et al. (2006). Manuel SERMEF de rehabilitación y medicina física. Madrid Panamericana - Seco Calvo, J. (2016). Métodos específicos de intervención en fisioterapia. Madrid: Panamericana - Mayoral del Moral, O. et al (2017). Fisioterapia invadida del síndrome de dolor miofascial. Madrid: Panamericana - Hislop HJ; Avers, D; Brown, M. (2014). Técnicas de balance muscular. Barcelona: Elsevier - Beck, FB (1999). Masaje terapéutico. Madrid: Paraninfo - Paoletti, S. (2004). Las fascias. Barcelona: Paidotribo - Tutusaus,R; Potau, JM. (2015). Sistema Fascial. Madrid: Panamericana - Norris, CM (2001). Estiramientos. Barcelona: Paidotribo - Norris, CM (2001). Estiramientos. Barcelona: Paidotribo - Díaz Mohedo, E. (2015). Fisioterapia en traumatología. Barcelona: Elsevier - Zamorano, E. (2013). Movilización neuromeningea. Madrid: Panamericana - Gallego, T (2007). Bases teóricas y fundamentos de la fisioterapia. Madrid: Panamericana - Daza Lesmes, J. (2007). Evaluación clínico funcional del movimiento corporal humano. Madrid: Panamericana |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Patoloxía Podolóxica I/750G02119

Patoloxía Podolóxica II/750G02120

Biomecánica do Membro Inferior/750G02111

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Prácticum I/750G02134

Materias que continúan o temario

Observacións



MATERIAL DOCENTE: Tanto o material empregado na aula, como o dispoñible no campus Virtual e TEAMS da materia está protexido pola Lei de Propiedade Intelectual (Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual), e ponse ao dispor dos estudantes matriculados na materia, exclusivamente para o seu uso persoal. Calquera extracción destes materiais para poñelos ao dispor de terceiros por calquera outro medio (fotocopiadoras, correo electrónico, páxinas web etc.)/ etc.), é un acto ilícito que conlevará as medidas legais e disciplinarias pertinentes, considerándose unha falta grave ou moi grave de acordo co Regulamento Disciplinar do Estudiantado da Universidade da Coruña e unha infracción grave ou moi grave da Lei de Propiedade Intelectual.

PERSPECTIVA DE XÉNERO: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)- Traballase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.- Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corraxilas.

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE: Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de realizarse en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso idóneo, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

PLAXIO: Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa orixe e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías